

Madeira de supervivinte

Eu, eu cheguei despois dun naufraxio, o do barco onde viña. O barco era portugués, eu non, eu son dun pouco máis ó sur. De ilegal, claro. Ocorreu en novembro, íamos na bodega todos amoreados. Dacordo, escomenzou un pouco antes, cando nos raptaron; porque eu, querer, o que se di querer, non quería vir; pero así che son as cousas. Xa no barco, ó primeiro foi moi tranquilo, pero o mar revolviuse e emborcamos, en segundos todos espallados polo mar, non volvíñ velos meus compañeiros, a algúns coñecíaos desde pequenos, algún era meu irmán. Espero que estean ben, eu trato de saber deles. A min, despois de todo, foime ben, aquí estou tan ancho, pero custoume. Isto non era precisamente có que soñaba, eu quería facer un sitio, aló onde nacín, ter familia, esas cousas. Vareí no Orzán, tiña tanta auga dentro que tardei anos en secar, as malas linguas din que cando me enfado rezuma o salitre. Que digan o que queiran. Da praia leváronme ós almacéns do concello, e alí estiven ata que decidiron que facer comigo, levoulles o seu tempo, xa case estaba resignado a quedar alí para sempre. Ó final leváronme ós xardíns, púxeronme ó par dun banco desfeito, e ... convertíronme neste que son. Se polo menos me destinaran ó paseo marítimo, có bonito que é o mar, aí, o mar. Eu púxenlles cara de pena, a ver se pasaba por vez, pero nada. Tiña que ser aquí. Os das Ánimas escarállanse a miña conta, que se as pombas non sei que, que se estou á sombra; que lles dean, que as unllas dos gatos téñenas que aturar eles. Nestes anos, que se di pronto, pero levo aquí ... ver, vin de todo, cando escomecei a ve-los colegas con rodas a toda hostia pola rúa adiante, pensei que xa non me quedaba nada por ver, pero despois puxéronlles paraugas... agora xa estou curado de espanto e adícome a cousas máis relaxantes; a rexoubar, basicamente, có recolledor de amorodos, que ten cara de bo, pero éche un elemento de moito coidado. Estamos analizando cal será a mellor estratexia para liar á rapaza esta que ven polas tardes, có coidador, que está moi só, e ademáis míranse moito. Que romántico! Xa se nos ocorrerá algo.